



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 7 DE MARZO DE 2017.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día 7 de marzo de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Non asiste o Sr. Español Otero.

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 21.02.2017)

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 21 de febreiro ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

PUNTO 2.- SUBVENCIONS

Vistas as bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local deste Concello, órgano competente para elo, ACORDA:

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada "Adaptación da instalación eléctrica en baixa tensión en pabillón de deportes existente", asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico, memoria descritiva ou documento técnico análogo denominado "Adaptación da instalación eléctrica en baixa tensión en pabillón de deportes existente"

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 15.843,98 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros. O órgano que adopta é competente para comprometer esta achega.

Vistas as bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local deste Concello, órgano competente para elo, ACORDA:

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada "Subministro e instalación de paneis metálicos para reparación da cuberta do pabillón municipal", asumindo



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico, memoria descritiva ou documento técnico análogo denominado "Subministro e instalación de paneis metálicos para reparación da cuberta do pabillón municipal"

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 11.616,00 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros. O órgano que adopta é competente para comprometer esta achega.

Vistas as bases para subvención a concellos para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención para o proxecto IGUALANDO

Solicitar a cantidade de 5.340,00 euros para a realización da actividade.

Asumir o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da actividade.

PUNTO 3.- PLAN DE OCUPACIÓN DE SERVICIO DE TEMPORADA

A Concelleira de Turismo Dña. M^a Montserrat Magallanes Alvarez formula a seguinte proposta do Plan de Ocupación de Servizos de Temporada do Concello da Guarda para o ano 2017 seguinte,

SOLICITANTE	UBICACIÓN	SUPERFICIE	TIPO DE INSTALACIÓN
Concello da Guarda C.I.F. P-3602300J	Praia do Muiño	20 m ²	kiosko e terraza
Concello da Guarda C.I.F. P-3602300J	Praia da Lamiña	20 m ²	kiosko e terraza

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos presentes, acorda aprobar dita proposta e dar traslado da mesma ó Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

PUNTO 4.- INFORMES SERVIZOS SOCIAIS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 20 de febreiro de 2017 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. J.N.A.N.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 27 de febreiro de 2017 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. I.V.V. con 61 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por dependencia.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 5.- INSTANCIAS

Dase conta do escrito RE 991 de data 22 de febreiro de 2017, presentado por ACIGU C.C.A., con domicilio social na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4-baixo de A Guarda, solicitando unha copia do Plan de Mobilidade.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se dispón dela.

Non habendo máis asuntos que tratar ó sr. Presidente levanta a sesión ás 09:10 horas do día da data, da que eu como secretario, dou fe.